

**MARÉ**

**CONVENIO** ■ E ampliará os contidos do seu centro de documentación, co apoio de Política Lingüística

## A AELG celebrará un seminario de literatura

A Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) celebrará a segunda edición da Residencia de Escritoras/es Galegas/os, así como un seminario destinado a poñer en valor a obra literaria dos escritores e das escritoras en lingua galega clá-

sicos e contemporáneos. Tamén incrementará os contidos do Centro de Documentación dos Escritores/as instalado no seu portal web.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística apoiará, segundo indicou a través dunha nota de prensa a

Consellaría de Educación, estas iniciativas da AELG a través dun convenio asinado entre ambas as entidades, no que se contempla o desenvolvemento de actividades que teñen como obxectivo difundir a lingua e a literatura galegas.

O responsable de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, mantivo unha reunión co presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e mais coa secretaria xeral desta entidade, Mercedes Queixas. O Centro de Documentación dos Escritores/as naceu en 2005 co obxectivo de ampliar a fonte informativa e documental de cada escritor. • REDACCIÓN